



REGULAMENTO IX CARREIRA DE ORIENTACION NOCTURNA CASA DE SIXTO (12 de xaneiro de 2019)



Localización [Casa de Sixto - Sas - Paderne](#)

Inscripcións do 30/11/2018 ó 8/01/2019 (Limitado a 500 prazas):

- *Todas as inscricións faranse dende a plataforma <https://tracktherace.com/es>*
- **Longa-Rogaine (formato Score sobre 28 balizas e máis de 20 kms):**
 - ✓ Adulto: 9,00 € (+2€ se non ten licencia FEDO 2019, +3€ euros máis senón dispós de tarxeta Sportident para o alquiler, "30 Euros se se extravía").
- **Media distancia (formato Score sobre 13 balizas e uns 5 kms):**
 - ✓ Adulto: 9,00 € (+2€ se non ten licencia FEDO 2019).
 - ✓ Nenos: 1,00 € (+2€ se non ten licencia FEDO 2019).
- **Curta-infantil (formato Lineal sobre 7 balizas e uns 1,5 kms):**
 - ✓ Nenos: 1,00 € (+2€ se non ten licencia FEDO 2019).
 - ✓ Adultos: nesta categoría non necesitan inscribirse considerase acompañante non participante.

Horarios das probas:

- **Distancia Longa-Rogaine:** saída: 18:00 - peche meta: 21:00
- **Distancia Media:** saída: 19:00 - peche meta: 20:30
- **Distancia Curta-Infantil:** saída: 19:15 - peche meta: 20:15

Material Obrigatorio:

- *Frontal ou linterna*
- *Chaleco reflectante*
- *Teléfono móbil encendido facilitado á organización no momento da inscrición (na distancia media e na distancia curta, na Longa non)*

Material moi recomendable:

- *Camiseta de manga longa e pantalón longo*
- *Chubasqueiro (se chove)*
- *Compás (os grupos poden levar unha para todos)*



REGULAMENTO IX CARREIRA DE ORIENTACION NOCTURNA CASA DE SIXTO (12 de xaneiro de 2019)



Normativa e obrigas dos corredores:

➤ Longa-Rogaine:

- ❖ A idade mínima para participar na proba Longa-Rogaine será de 18 anos sen excepcións.
- ❖ Os participantes nesta modalidade deberán recoller en secretaría mínimo con media hora de antelación á súa saída o dispositivo de seguemento Tracktherace, así coma o sportident se o alugaron. **(O sportident mínimo terá que ser un SI-8 con capacidade para 33 marcaxes).**

➤ Media distancia e Curta-infantil:

- ❖ Poderán participar nestas categorías maiores de idade así como menores de 18 anos a condición de que vaian acompañados dos seus pais, nais, titores legais, ou persoa adulta autorizada. O documento de autorización para participar os menores deberá de entregarse correctamente cuberto e firmado a poder ser por mail na dirección licenciasgallaeciaraid@gmail.com e senón o día da proba en Secretaría.
- ❖ Os participantes nesta modalidade deberán recoller en secretaría mínimo con media hora de antelación á súa saída a tarxeta de control. Deberán de consultar antes o seu número de tarxeta nos listados publicados fora para axilizar a entrega das mesmas.

➤ Aplicable a todas as categorías:

- ❖ Os formato destas carreiras é **lineal na carreira curta-infantil** polo que deberán de ir ticando as balizas por orden ascendente dende a baliza 1 e **Score na carreira media e longa-Rogaine** polo que os corredores aquí irán ás balizas no orden que estimen oportuno. Eso sí, na categoría media deberán de ticar as balizas na súa tarxeta de control e na súa casilla correspondente, de non facelo correctamente serán descalificados (non é válido ticalas no mapa). En caso de confundirse nunha ticada deberán de correxilo nas casillas de reserva e indicarllo á organización á chegada.



REGULAMENTO IX CARREIRA DE ORIENTACION NOCTURNA CASA DE SIXTO (12 de xaneiro de 2019)



- ❖ **MOI IMPORTANTE:** A tarxeta de control será entregada ao finalizar a proba. Ademais todo corredor que abandone a proba ha de comunicalo á organización e poder ser entregar a tarxeta de control na zona de meta onde se atope o cronometraxe da mesma (é fundamental este punto para saber que non temos a ninguén perdido no monte). Os que leven sportident obrigatoriamente tamén teñen que ir a descargar en meta ainda que abandonen a proba, así como devolver o dispositivo de seguimento Tracktherace.
- ❖ O mapa será entregado pola organización entre 5 e 10 minutos antes do inicio de cada proba e non poderá ser visto ata que ésta o ordene.
- ❖ Baixo ningún concepto se poderán tirar no monte envoltorios de barritas, xeles, etc. (se se demostrase esta infracción o corredor quedará automaticamente descalificado).
- ❖ Ningún corredor poderá seguir a outro de forma continuada durante o percorrido aproveitándose da orientación do outro competidor, si se observase por parte dos membros da organización este tipo de comportamento ou si outro corredor ou corredores denunciasesen esta situación podería conlevar a descalificación do mesmo por parte da organización unha vez escoitados os actores.
- ❖ O párrafo anterior quedará sen validez para aqueles participantes que realicen a distancia curta e media en equipo, os cales poderán axudarse entre eles para seguir a orientación.
- ❖ Ningún corredor poderá realizar o ticado de balizas doutro corredor. Se se demostrase esta infracción ditos corredores quedarán automaticamente descalificados (Tanto o que tica coma o que lle deixa a tarxeta).
- ❖ O teléfono só pode ser usado en caso de urxencia, ou ben a partir das 21:00 horas (Cerre de meta da última categoría. A partir de ahí a organización poderá chamar telefónicamente ós participantes que non deran rematado a proba).
- ❖ **No mapa van impresos os teléfonos da organización e o teléfono de urxencias. Aínda que se chame a urxencias por unha urxencia vital, deberán facelo saber á organización o máis axiña posible.**